

A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

De acordo Co Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro, establecen as condicións de realización das eleccións dos membros dos consellos escolares nos centros docentes.

A Orde do 21 de outubro de 1996, pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do consello escolar nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, establece o procedemento de integración no consello escolar do profesorado, do alumnado e dos pais e nais do alumnado do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria que cursen estudos nun centro de primaria, e determina a composición dos consellos escolares dos institutos de educación secundaria con menos de oito unidades.

A Orde do 28 de agosto de 1996, pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados, establece que o dito procedemento se realizará de acordo co regulamentado nesa orde e nos aspectos non previstos nela haberá que aterse ao establecido para os centros públicos no Decreto 92/1988, do 28 de abril, modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo.

Corresponde no curso **2024/25 a renovación dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos.** (2 representantes dos pais/nais, 3 representantes do profesorado e 1 representante do persoal non docente)

Seguindo a Resolución de 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos

CONVÓCANSE ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

Cos seguintes prazos e datas:

23 DE OUTUBRO: Publicación dos censos no taboleiro de anuncios do colexio

ATA O 30 DE OUTUBRO: Reclamacións ao censo.

DO 30 DE OUTUBRO AO 11 DE NOVEMBRO: Presentación de Candidaturas (solicitar modelo no colexio)

11 DE NOVEMBRO : Sorteo das mesas electorais

19 DE NOVEMBRO: VOTACIÓN (enviarase información co horario)

22 DE NOVIEMBRE: PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS ELECTOS.

O colexio ofrecerá toda a información que demande e porá á disposición das candidaturas os locais que precisen para a celebración dos seus actos electorais, previa comunicación escrita á Xunta Electoral.

Dada a importancia das competencias do Consello Escolar (Aprobación dos orzamentos, marcar liñas de actuación do Centro, participación na elección de Director, ...) como órgano relevante na xestión e control do Centro, non quixera rematar sen convidalos a que presenten a súa candidatura ou ben voten a quen mellor lles pareza entre as presentadas.

Un cordial saúdo

Asdo: Carla S. Cerqueira Oliveira
- Presidenta da Xunta Electoral-

Covelo a, 23 de outubro de 2024